



Comunicado de prensa

As e os scouts saímos a rúa para darnos a coñecer

10 de xuño de 2016

Xogos scouts para a mañá do sábado en plena rúa do paseo.

Este **sábado, 11 de xuño**, a nosa entidade desenvolverá algunhas accións para visibilizar o movemento scout na nosa cidade. Ao longo da mañá, **entre as 10:30 e as 13:00 h.** aproximadamente montaremos un posto informativo na rúa do Paseo, a altura das escaleiras que conecta esta rúa coa praza de Paz NÓVOA.

Esta actividade non consistirá nunha acción pasiva que se limite a ofrecer información senón que **os rapaces e rapazas scouts que forman parte da nosa entidade presentarán e desenvolverán xogos a outros nenos e nenas que transiten pola zona** mentres que as nosas monitoras e monitores poderán explicar as súas familias noso método de traballo e próximas actividades, como no noso vindeiro campamento de verán.

Segundo a nosa metodoloxía, que pretende estimular o protagonismo e autonomía dos nosos pequenos e pequenas, estes estarán **tamén elaborando eles mesmos algodón de sucre e flocos de millo cos que agasallar ás persoas que se acheguen ate o noso posto informativo.**

O **domingo 12**, o noso polo de actividade estará **no Botánico de Monte Alegre** onde a nosa entidade estará a colaborar co **curso de iniciación "Técnicas de aire libre: nós, amarres e construción en madeira"** que organiza a **Concellería de Xuventude do Concello de Ourense** entre as 10:30 e as 20:00 horas e na que os participantes, monitoras e monitores principalmente, aprenderán de xeito práctico a realizar as típicas instalacións de campamento.

Máis información:

Akela, Grupo Scout ILEX 959 (639 404 857)